

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## O GALO

O galo ten un bico.  
A mosca non o ten.  
A araña tece fios.  
O verme vai no tren.

A araña e mais o verme  
à praia van nadar.  
El non pasa da area.  
Ela non chega ó mar.

O galo quiquirica.  
A mosca remosquea.  
A araña é tecedeira.  
E o verme vermemea.

O galo fala pouco.  
A mosca, un chisco máis.  
A araña non di nada.  
O verme está a rosmar.

O galo e mais a mosca  
van xuntos a camiñar.  
A modo vai o galo.  
A mosca vai detrás.

Antonio García Teijeiro

1. Contesta a estas preguntas:

- De cantos animais se fala no poema?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

- Escribe os nomes dos animais que aparecen nel.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

- Que quere dicir que a araña é tecedeira?

- Cales son os animais que van á praia?

2. Investiga, explica e logo fai unha oración con esta palabra:

**Rosmar:**

3. Busca unha palabra con b e outra con v e fai unha oración con cada unha delas

1.

2.

4. Une cada animal co seu son:

- Lobo
- Rinchar
- Paxaro
- Rechouchía
- Gato
- Miaña
- Cabalo
- Ouvea

5. Fai oracións empregando as parellas de palabras anteriores.

1.

2.

3.

4.

6. Completa as oracións, de maneira que teñan sentido.

- Colle un \_\_\_\_\_ no armario da  
cocina e lévallo á \_\_\_\_\_ para que  
tome \_\_\_\_\_

- Lucía mercou un \_\_\_\_\_  
porque o precisaba para \_\_\_\_\_

- O autobús deixou aos \_\_\_\_\_  
no centro de \_\_\_\_\_ e logo  
marchouse para \_\_\_\_\_

- Dani, poderías deixarme o \_\_\_\_\_  
para \_\_\_\_\_?